

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**DON LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER**

**DECRETO.-** No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de educador/a de familia aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 3 de marzo de 2021 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Sober para o ano 2020 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal).

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 25 de maio de 2021 onde se acorda aprobar a lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos.

Logo de ver que nas bases da convocatoria (B.O.P. nº: 57 de 11.03.2021) para a provisión dunha praza de educador/a de familia que a lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web ([www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com)) antes da realización do primeiro exercicio.

Logo de ver as notificacións practicadas ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición dunha praza educador/a de familia.

### ACORDO:

**PRIMEIRO:** Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha praza de educador/a de familia para a constitución do tribunal da fase de concurso para o día 11 de xuño de 2021 as 12.00 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

O Tribunal estará integrado polos seguintes titulares:

*Presidenta: Dona Nadia Díaz Vázquez. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora da Agrupación dos Concellos de Taboada-Guntín.*

*Secretario: Don David Criado Taboada. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario-Interventor do Concello de Agolada.*

*Vogal 1º: Dona Laura Estrada Pérez. Laboral fixo. Traballadora social do Concello da Pobra de Brollón.*

*Vogal 2º: Dona Isabel Sánchez Fernández. Estatutario fixo. Traballadora social do Hospital Universitario Lucas Augusti (HULA).*

*Vogal 3º: Don Carlos Losada Rodríguez. Laboral fixo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.*

No suposto de incomparecencia de algún dos membros titulares do tribunal por motivos xustificadas, manifestarase ao Concello de Sober con unha antelación de un día a data de convocatoria.

### Concello de Sober

Praza do Concello s/n, 27460 - Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002  
e-mail: [info@concellodesober.com](mailto:info@concellodesober.com)



SEGUNDO: Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha praza de educador/a de familia para a elaboración e custodia dos exercicios da fase de oposición para o día 11 de xuño de 2021 as 12.15 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

TERCEIRO: Convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de dunha praza de educador/a de familia para a valoración da fase de concurso para o día 11 de xuño de 2021 as 12.45 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n 27460 Sober .Lugo.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Luis Fernández Guitián; en Sober, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Ante min, o Secretario

Luis Fernández Guitián

David Criado Taboada